

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE IRMANDADES DE DOADORES DE SANGUE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue subscribiron con data 10/9/21 un convenio de colaboración.

A Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue agrupa ás distintas Irmandades galegas que teñen como finalidades, entre outras, a promoción da hemodoazón en Galicia baixo a coordinación da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (en adiante, ADOS).

Para acadar niveis óptimos de hemodoazón, as distintas Irmandades que compoñen a federación participan en campañas de radio e televisión, reparten trípticos e carteis, percorren concellos contactando directamente coas persoas, promoven charlas e atenden tódolos requirimentos dos doadores nas súas oficinas, tanto persoal como telefónicamente.

Así mesmo, as Irmandades, ao igual que viña ocorrendo co Centro de Transfusións de Galicia, colaboran con ADOS mediante a realización de propostas, así como en todo o que esta determine e solicite.

O obxecto do convenio é o desenvolvemento, por parte da Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue, da promoción da hemodoazón en Galicia con todos os medios ao seu alcance, en coordinación co Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos. No desenvolvemento destes programas, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

Para o cumprimento deste convenio, o Servizo Galego de Saúde comprométese a achegar a cantidade de 58.200,00 € (cincuenta e oito mil douscentos euros) con cargo á aplicación orzamentaria 5001.412A.481.3, co código de proxecto 2014 00018, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

O convenio asinado ten natureza administrativa e rexerese polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, en todo o que non se opoña á lei.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional indicado, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Flores Arias.